

5. ANEXO V

Organización dos módulos profesionais do ciclo formativo para o réxime ordinario.

Curso	Módulo	Duración	Especialidade do profesorado
1º	-MP0121. Equipamentos e instalacións térmicas.	213	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
1º	-MP0122. Procesos de montaxe de instalacións.	213	Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos.
1º	-MP0123. Representación gráfica de instalacións.	160	Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos. Oficina de proxectos de fabricación mecánica.
1º	-MP0349. Eficiencia enerxética de instalacións.	160	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
1º	-MP0352. Configuración de instalacións solares térmicas.	107	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
1º	-MP0356. Formación e orientación laboral.	107	Formación e orientación laboral.
Total 1º (FCE)		960	
2º	-MP0351. Xestión eficiente da auga en edificación.	105	Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos.
2º	-MP0353. Xestión da montaxe e o mantemento de instalacións solares térmicas.	175	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
2º	-MP0354. Promoción do uso eficiente da enerxía e da auga.	87	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
2º	-MP0350. Certificación enerxética de edificios.	210	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos.
2º	-MP0357. Empresa e iniciativa emprendedora.	53	Formación e orientación laboral.
Total 2º (FCE)		630	
2º	-MP0355. Proxecto de eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.	26	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos. Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos.
2º	-MP0358. Formación en centros de traballo.	384	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos. Instalación e mantemento de equipamentos térmicos e de fluídos.

6. ANEXO VI

Organización dos módulos profesionais en unidades formativas de menor duración.

Módulo profesional	Unidades formativas	Duración
-MP0356. Formación e orientación laboral.	-MP0356_12. Prevención de riscos laborais.	
	-MP0356_22. Equipos de traballo, dereito do traballo e da Seguridade Social, e procura de emprego.	62

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Resolución do 23 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria.

Unha das máis grandes transformacións vividas durante o século pasado foi a incorporación das mulleres a todas as esferas da vida social e económica; é particularmente significativo o cambio que supón o paulatino e imparabile acceso das mulleres ao emprego, o que configura un mercado de traballo cada vez máis igualitario para mulleres e homes.

Non obstante, os roles e estereotipos manexados socialmente durante séculos inciden aínda fortemente sobre a suposta maior capacidade das mulleres á hora de atender as responsabilidades de carác-

ter familiar. O mantemento desta crenza ten efectos negativos na empregabilidade e na promoción profesional das mulleres, que son as que continúan acolléndose maioritariamente ás diferentes medidas postas en marcha desde as diferentes administracións públicas para promover políticas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Co obxectivo de mitigar esta tendencia, e coa dobre vontade de apoiar a asunción de responsabilidades familiares por parte dos homes e de axudar á desaparición dos estereotipos sobre a mellor ou menor disposición de mulleres e homes a asumir as tarefas do coidado dos e das menores de tres anos, a Secretaría Xeral da Igualdade quere apoiar economicamente aqueles traballadores que reduzan a súa xornada laboral por razón da atención dos seus fillos e fillas, entendendo que se trata dunha medida que, indirectamente, favorece tamén o mantemento das traballadoras nai no mercado de traballo. As familias monoparentais son incluídas tamén na convocatoria por entender que a súa situación precisa de apoio específico para favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

O Decreto 82/2009, do 21 de abril, polo que se establecen os centros directivos dependentes da

Presidencia da Xunta de Galicia, configura a Secretaría Xeral da Igualdade como órgano superior da Administración da comunidade autónoma.

En consecuencia, a través desta resolución establécense as bases reguladoras do procedemento a través de convocatoria pública para a concesión destas axudas, pola modalidade de pagamento único. As axudas que se establecen no articulado desta resolución financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.312G.480.0, recollida na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010. O importe destinado ás axudas ascenderá como máximo a 600.000 euros.

Esta resolución adáptase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento e, así mesmo, adáptase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade, non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos, e aos demais requisitos exixidos na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, existindo crédito adecuado e suficiente para o financiamento do gasto que se proxecta. A concesión destas axudas realizarase segundo o procedemento previsto nos artigos 19.2º e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra nas secretarías xerais dependentes da Presidencia a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta resolución é a regulación do réxime de concesión de axudas económicas a aqueles traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo así como a convocatoria destas para o ano 2010.

Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables.*

1. As axudas, na modalidade de pagamento único, serán concedidas aos traballadores que, entre o 1 de setembro de 2009 e ata o 31 de agosto de 2010, se atopen ou atopasen no momento da solicitude nunha situación de redución da xornada de traballo de ata un máximo da metade da duración daquela para o

coidado dun/dunha fillo/a menor de 3 anos, ou ben, mesmo superando esa idade, que o/a menor padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33% e sexa menor de 12 anos.

2. No suposto de fillos/as adoptados/as, non se terá en conta a data de nacemento, pero para ter dereito á axuda non deberán transcorrer máis de tres anos desde a data da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción para os efectos do estipulado no punto 1 deste artigo. En calquera caso, o/a fillo/a polo/a que se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

3. O tempo máximo polo que se poderá conceder a axuda á redución de xornada para fomento da corresponsabilidade será de oito meses ininterrompidos e o tempo mínimo de duración da redución de xornada deberá ser de 60 días naturais ininterrompidos.

En todo caso, nestas axudas respectaranse as condicións da orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, modificada pola orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

Artigo 3º.-*Persoas beneficiarias.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta resolución:

a) Homes traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario e os socios das sociedades cooperativas sempre que estes últimos pertencen ao réxime xeral da Seguridade Social, que se acollan á redución de xornada a que se alude no artigo 2 desta resolución.

b) Familias monoparentais en que a persoa solicitante, home ou muller, sexa traballadora por conta allea e se acolla á redución de xornada a que se alude no artigo 2 desta resolución.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

2. As persoas solicitantes deberán cumprir, en todo caso, os requisitos para obterer a condición de beneficiarias exixidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

Para poder acollerse ás axudas previstas nesta resolución deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) As persoas que desexen solicitar a axuda económica regulada nesta resolución deberán estar inscritas no padrón de calquera municipio dos integrados no territorio da Comunidade Autónoma galega, polo

menos cun ano de antelación á presentación da solicitude de subvención.

b) No caso das familias non monoparentais, o outro membro da unidade familiar deberá ser traballadora por conta allea ou ben autónoma e manter esa situación durante todo o período subvencionado.

c) Que na data da solicitude o/a fillo/a conviva coa persoa solicitante.

d) Que o período solicitado non coincida co permiso por maternidade nin con calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade.

Artigo 5º.-*Contía das axudas.*

1. A contía desta axuda concederase a través dun pagamento único e estará en función da porcentaxe de redución de xornada laboral que se solicite e da duración desta, que será como máximo de oito meses. Deste xeito, as contías son as seguintes:

a) Cando a redución de xornada sexa de ata o 15% da xornada laboral e a súa duración sexa polo tempo máximo de oito meses:

i. 2.400 euros se é o/a primeiro/a fillo/a.

ii. 2.700 euros se é o/a segundo/a fillo/a ou se son xemelgos/as.

iii. 3.000 euros se é o/a terceiro/a fillo/a ou se son trixemelgos/as.

b) Cando a redución de xornada sexa superior ao 15% e ata o 33,33% da xornada laboral e a súa duración sexa polo tempo máximo de oito meses:

i. 2.700 euros se é o/a primeiro/a fillo/a.

ii. 3.000 euros se é o/a segundo/a fillo/a ou se son xemelgos/as.

iii. 3.300 euros se é o/a terceiro/a fillo/a ou se son trixemelgos/as.

c) Cando a redución de xornada sexa superior ao 33,33% e ata o 50% da xornada laboral e a súa duración sexa polo tempo máximo de oito meses:

i. 3.000 euros se é o/a primeiro/a fillo/a.

ii. 3.300 euros se é o/a segundo/a fillo/a ou se son xemelgos/as.

iii. 3.600 euros se é o/a terceiro/a fillo/a ou se son trixemelgos/as.

2. As contías citadas nas alíneas anteriores son as máximas aplicables aos casos en que a redución de xornada corresponda a unha persoa contratada a xornada completa. Cando a persoa que solicita a redución estivese contratada para unha xornada laboral de duración inferior, as contías das axudas diminuirán proporcionalmente.

Do mesmo xeito, cando a redución de xornada non se solicite polo período máximo de oito meses, as contías antes citadas reduciranse proporcionalmente.

3. Para o cálculo da contía da axuda teranse en conta unicamente os/as fillos/as menores de 12 anos, agás no caso do/da fillo/a polo/a cal se solicita a redución de xornada, que se terá en conta o establecido no artigo 2.

Artigo 6º.-Solicitudes: prazo de presentación, documentación preceptiva e lugar de presentación.

1. As solicitudes de axuda á redución de xornada poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e ata o 31 de agosto de 2010.

2. As solicitudes de axuda debidamente cubertas deberán achegarse xunto coa seguinte documentación:

a) Solicitude oficial segundo modelo anexo I.

b) Fotocopia compulsada do DNI ou NIE. Non obstante, o anexo V da solicitude recolle a posibilidade de autorizar a Secretaría Xeral da Igualdade para a consulta dos datos de identidade e neste caso non será preciso achegar a documentación referida.

c) Fotocopia compulsada do libro de familia.

d) Fotocopia compulsada da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, se é o caso.

e) Nos supostos de adopción ou tutela, fotocopia compulsada do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial de constitución da tutela.

f) No suposto de fillos/as afectados/as por unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar e, de ser o caso, da administración correspondente.

g) No caso de proxenitores solteiros con fillo/a recoñecido/a polo outro proxenitor pero sen que exista convivencia entre pai e nai, declaración xurada que recolla este extremo (anexo II).

h) Certificación de empadramento en que se acredite a data de empadramento da persoa solicitante dentro do territorio da Comunidade Autónoma galega e tendo en conta o establecido no artigo 4.a (estar escritas no padrón de calquera municipio dos integrados no territorio da Comunidade Autónoma galega, polo menos cun ano de antelación á presentación da solicitude de subvención).

i) No caso de familias monoparentais, volante de empadramento no cal consten as persoas que conviven no domicilio coa persoa solicitante.

j) Certificación bancaria orixinal da conta de que é titular a persoa solicitante.

k) Declaración de que o período de redución solicitado non coincide co permiso por maternidade, nin con ningún outro permiso, licenza ou excedencia para o mesmo fin da cónxuxe ou parella (anexo III asinado pola persoa que asina a solicitude de axuda).

l) Certificación da empresa acreditativa da redución de xornada ou, se é o caso, da administración pública correspondente (anexo IV).

m) Orixinal ou fotocopia compulsada do TA 2/R (variación de datos na Seguridade Social), na que se reflicta a situación da garda legal. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju, etc.), certificación en que se acredite a referida situación.

n) No caso de familias non monoparentais, certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa ao cónxuxe ou parella. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju, etc.), certificación acreditativa da data desde a cal presta os seus servizos, con indicación de que na actualidade se atopa en servizo activo.

o) Declaración de non estar incurso en ningún procedemento de reintegro ou sancionador e de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma (anexo V).

p) Anexo VI relativo á recolla de datos para a análise de resultados.

3. As solicitudes, xunto coa documentación requirida, deberán dirixirse á Secretaría Xeral da Igualdade, mediante instancia normalizada debidamente cuberta, ben directamente ou ben a través de calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito o convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicador do rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Se as solicitudes non están debidamente cubertas ou non se achega a documentación preceptiva relacionada nos anexos, requirirase a persoa solicitante para que, no prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7º.-Xestión, resolución, recursos, prazo para resolver e procedemento de publicidade.

1. Correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade a xestión e resolución destas axudas. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.

2. A resolución a que se refire o punto anterior esgota a vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-

administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da dita resolución. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou por desestimación presunta o recurso de reposición.

3. O prazo máximo para resolver e notificar as solicitudes de axudas será de catro meses, contados desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para resolver; se transcorrido o dito prazo non se notificasen as resolucións, as solicitudes entenderanse desestimadas.

4. Para dar cumprimento ao principio de publicidade, e sen prexuízo da notificación expresa e individualizada das resolucións de concesión, mediante resolución da Secretaría Xeral da Igualdade publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das persoas beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta resolución, con expresión das contías percibidas.

Artigo 8º.-Forma de pagamento e xustificación da axuda.

1. A contía da axuda concedida será aboada nun pagamento único polo importe que corresponda segundo as contías determinadas no artigo 5 desta resolución, unha vez notificada a resolución de concesión. O pagamento farase unicamente na conta que as persoas solicitantes fagan constar no anexo I, e que coincida coa da certificación bancaria requirida no artigo 6.2º j).

2. No prazo dun mes desde a data en que remate o período acollido á subvención, deberase xustificar o mantemento da situación subvencionada mediante remisión á Secretaría Xeral da Igualdade dunha certificación da empresa ou da administración pública correspondente, se é o caso, na cal se acredite que se permaneceu coa redución de xornada que deu dereito á axuda durante o período solicitado, esa certificación deberá ser expedida con data igual ou posterior á do período que se certifica, e unha certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, documento equivalente segundo o artigo 6.2º n), tanto da persoa solicitante como da cónxuxe ou parella, se é o caso.

3. Para aqueles períodos de redución de xornada que xa estivesen rematados na data de publicación desta resolución, para proceder ao pagamento da axuda deberase remitir a documentación a que se fai

referencia no punto anterior no prazo de dez (10) días desde a notificación da resolución.

4. Así mesmo, poderase requirir calquera outro documento que a Secretaría Xeral da Igualdade considere necesario.

5. O incumprimento pola persoa beneficiaria do establecido no artigo 8.2º dará lugar ao reintegro da axuda percibida.

Artigo 9º.-*Modificación da axuda.*

1. Se, unha vez concedida a axuda, a persoa solicitante que exerce o dereito da redución de xornada amplía o período polo cal solicitou a subvención, dentro do límite dos oito meses establecido no artigo 2.3º, para que poida acollerse á axuda por un novo período, deberá presentar outra solicitude no prazo dun mes desde a data en que se produciu esta modificación, sempre que estea dentro do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 6.1º. O período de ampliación solicitado terá que comezar o día seguinte ao do período inicialmente solicitado.

2. Se, antes do remate do período subvencionado, a persoa que está exercendo o dereito á redución de xornada decide renunciar ao exercicio dese dereito, deberá comunicalo á Secretaría Xeral da Igualdade, e achegar unha certificación da empresa que acredite os termos exactos en que se realizou a redución da xornada, en relación coa súa duración e coa porcentaxe de redución. A Secretaría Xeral da Igualdade, logo da comprobación da dita documentación, procederá a iniciar o expediente de reintegro regulado no artigo 13 no suposto de que derivase a devolución de parte da subvención concedida.

3. No suposto de que, durante o período que tivese sido subvencionado, a persoa que se acolleu a unha redución de xornada diminúa ou amplíe a porcentaxe da dita redución, dentro dos límites exixidos nesta resolución, entenderase que na data en que se produciu o cambio ten finalizado a actuación subvencionada e comeza un novo período subvencionable, polo que deberá comunicalo á Secretaría Xeral da Igualdade e achegar unha certificación da empresa que acredite os termos exactos en que se realizou a redución da xornada, en relación coa súa duración e coa porcentaxe de redución. A Secretaría Xeral da Igualdade, revisada a documentación, procederá a liquidar as axudas anteriormente concedidas mediante unha nova resolución ou a iniciar o correspondente expediente de reintegro regulado no artigo 13, no suposto de que derivase a devolución de parte da subvención concedida. Para poder acollerse á subvención polo período correspondente á nova redución de xornada, deberán presentar outra solicitude, no prazo dun mes desde a data en que se produciu esta modificación, sempre que estea dentro do prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 6.1º.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, sempre que se entenda cumprido o obxecto desta, dará lugar á modificación

da resolución e concesión da axuda, sempre que se cumpran os requisitos mínimos establecidos nesta resolución para ser persoa beneficiaria. Para estes efectos, a Secretaría Xeral da Igualdade ditará resolución de liquidación, na cal se axustarán os importes das axudas concedidas, aplicándose os criterios e límites establecidos para o seu outorgamento, e as persoas beneficiarias quedarán obrigadas á devolución dos importes percibidos en exceso. No suposto de que de tal alteración das condicións puidese derivar a devolución da totalidade ou parte da subvención concedida, iniciárase o correspondente expediente de reintegro regulado no artigo 13.

Artigo 10º.-*Obrigas das persoas beneficiarias.*

1. As persoas beneficiarias desta axuda quedan obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a entidade concedente e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou comunitario, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino destas axudas.

2. Así mesmo, están obrigadas as persoas beneficiarias desta axuda a comunicarlle ao órgano concedente calquera eventualidade que altere substancialmente o obxecto ou a natureza da actividade subvencionable.

Artigo 11º.-*Compatibilidades con outras subvencións ou axudas.*

A axuda por redución de xornada prevista nesta resolución será compatible con calquera outra que, coa mesma finalidade, teñan establecidas ou puidesen establecer calquera das administracións públicas, dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, así como calquera entidade privada.

Artigo 12º.-*Recursos económicos.*

1. A contía total das axudas que se concederán dentro deste exercicio orzamentario non superará o importe de 600.000 euros e financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.312G.480.0 establecida para estes efectos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ou a que resulte da súa actualización, no caso de que se aproben modificacións orzamentarias de conformidade coa lexislación vixente.

2. No caso de que neste exercicio económico se esgote o crédito orzamentario consignado para a concesión da axuda por redución de xornada, e para os efectos de dar publicidade a esta circunstancia, a Secretaría Xeral da Igualdade ditará resolución administrativa na cal se sinalará a data en que se produciu o esgotamento do crédito, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 13º.-*Reintegro da axuda.*

Procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida e dos xuros de mora devengados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

d) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración ás entidades colaboradoras e aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes/as asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

f) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

g) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas axudas terá como límite global o crédito consignado no orzamento da Secretaría Xeral da Igualdade para este fin, que é de 600.000 euros.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Estas axudas son cofinanciadas polo FSE, nunha porcentaxe do 80 por cento, no tema prioritario 69 do eixo 2 do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

Segunda.-As persoas beneficiarias están suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e os importes das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude comporta de forma expresa a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

No caso de axudas cofinanciadas polo FSE, a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación, que se publicará conforme o previsto no Regulamento (CE) 1828/2006, da comisión.

Cuarta.-De acordo co establecido no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a persoa beneficiaria autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade para incluír e facer público, nos rexistros regulados neste decreto, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas, todo isto sen prexuízo da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposicións derradeiras

Primeira.-En todo o non recollido nesta resolución aplicarase o disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2010.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade



ANEXO I



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

PROCEDIMENTO AXUDAS Á CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL COMO MEDIDA DE FOMENTO DA CORRESPONSABILIDADE PARA OS TRABALLADORES QUE SE ACOLLAN Á REDUCCIÓN DA SÚA XORNADA DE TRABALLO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI440A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/NIE
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO CÓNXUXE OU PARELLA (SE É O CASO)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF/NIE
------------------	-----------------	------	---------

DATOS DOS/AS FILLOS/AS MENORES DE TRES ANOS

APELIDOS E NOME	DATA DE NACEMENTO/ADOPCIÓN OU ACCOLLEMENTO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
-----------------	--------------------	--------------------	--------------------------

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (ARTIGO 7.2º)

- Fotocopia compulsada do DNI ou NIE da persoa solicitante.
- Fotocopia compulsada do libro de familia.
- Fotocopia compulsada da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, se é o caso.
- Nos supostos de adopción ou tutela, fotocopia compulsada do auto xudicial de adopción ou da resolución xudicial de constitución da tutela.
- Anexo II (para o caso de proxenitores solteiros con fillo/a recoñecido polo outro proxenitor pero sen que exista convivencia entre pai e nai, declaración xurada que recolla este extremo).
- Certificación de empadramento no cal se acredite a data de empadramento da persoa solicitante dentro do territorio da Comunidade Autónoma galega.
- No caso de familias monoparentais, volante de empadramento en que consten as persoas que conviven no domicilio coa persoa solicitante.
- Certificación bancaria orixinal da conta de que é titular a persoa solicitante.
- Anexo III.
- Anexo IV.
- Fotocopia compulsada do TA 2/R.
- Certificación en que se acredite a garda legal. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju) etc.
- Certificado en que se acredite o grao de discapacidade do fillo/a polo/a cal se solicita a axuda (se é o caso).
- No caso de familias non monoparentais, certificación de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social relativa ao cónxuxe ou parella. No caso de pertencer a sistemas de previsión social distintos ao da Seguridade Social (Muface, Isfas, Mugeju, etc.), certificación acreditativa da data desde a cal presta os seus servizos, con indicación de que na actualidade se atopa en servizo activo.
- Anexo V.
- Anexo VI.

Quen abaixo asina DECLARA QUE:

Dá expresamente o seu consentimento á Secretaría Xeral da Igualdade para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

Autorizo a consellería, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e coa orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade e residencia nos sistemas de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio da Presidencia.

SI NON

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 23 de abril de 2010, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA Lugar e data , de 201		

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA (para cubrir só no caso de proxenitores solteiros/as con fillas/os recoñecidos/as polo outro proxenitor co que non conviven).

D./D^a , con DNI/NIF nº ,
 enderezo , código postal ,
 localidade , provincia , teléfono .

DECLARO

Que o/a meu/miña fillo/a convive unicamente comigo
 e ao meu coidado, no domicilio arriba indicado.

Lugar e data

, de de 201

(Sinatura)

(*) En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

ANEXO III

D./D^a , con DNI/NIF nº .

DECLARA

1º Que o período solicitado non coincide co permiso por maternidade, nin con calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade.

2º Que o período de desfrute do permiso por maternidade foi o seguinte: desde o día ata o día .

Lugar e data

, de de 201

(Sinatura)

* Asinado e cuberto pola persoa que asina a solicitude de axuda

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DA EMPRESA

NOME DA EMPRESA		CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	CONCELLO
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

D./Dª _____, con DNI nº _____,

como representante da empresa arriba sinalada,

CERTIFICO:

Que o/a traballador/a _____, con DNI nº _____,

pasa a situación de: *REDUCCIÓN DE XORNADA PARA COIDADADO DE FILLA/O MENOR DE TRES ANOS*

Desde o _____

Ata o _____ (cubrir obrigatoriamente)

Xornada ordinaria do seu contrato de traballo ANTES da redución por coidado de filla/o:

Completa

Parcial: _____ sobre a xornada completa establecida en convenio

Sinalar a porcentaxe que reduce sobre a xornada que realiza: _____

Expídese esta certificación por petición do/a interesado/a para os efectos de solicitar a axuda de redución de xornada prevista na *Resolución do ----- de 2010 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria.*

Lugar e data _____, de _____ de 201

Sinatura e selo da empresa

Non se admitirán certificacións que presenten correccións, emendas ou riscadas.

ANEXO V

D./Dª _____, con DNI nº _____

solicitante da axuda de redución de xornada prevista na *Resolución do ----- de 2010 pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria*

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Primeiro

Que non está incurso/a en ningún procedemento de reintegro ou sancionador iniciado como consecuencia de subvención ou axuda da mesma natureza outorgada pola Administración xeral da Xunta de Galicia ou dos seus organismos autónomos.

Segundo

Que os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son verdadeiros.

Terceiro

Que está ao día das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto

Que autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade para realizar as consultas necesarias de ficheiros públicos para os únicos efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

Lugar e data _____, de _____ de 201

Sinatura _____

ANEXO VI

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
DATA DE NACEMENTO	CORREO ELECTRÓNICO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Sinalar cun X

- Home
- Muller

Nivel de titulación (marque cun X o que proceda)

Nivel titulación	Código	Nivel titulación	Código
<input type="checkbox"/> Sen alfabetizar	0	<input type="checkbox"/> Bacharelato, BUP, COU	4
<input type="checkbox"/> Estudos primarios sen rematar	1	<input type="checkbox"/> FP2	5
<input type="checkbox"/> EXB	2	<input type="checkbox"/> Diplomatura universitaria	6
<input type="checkbox"/> FP1	3	<input type="checkbox"/> Licenciatura universitaria	7

2. ACCIÓN SUBVENCIONABLE

Data de inicio da redución de xornada: (día/mes/ano)	<input type="text"/>
Data de remate da redución de xornada: (día/mes/ano)	<input type="text"/>

3. DATOS LABORAIS

Relación laboral: (marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Traballador/a por conta allea en entidade privada de xornada
<input type="checkbox"/> Traballador/a da Administración:
<input type="checkbox"/> Persoal funcionario <input type="checkbox"/> Administración autonómica <input type="checkbox"/> Persoal laboral de <input type="checkbox"/> Administración local <input type="checkbox"/> Persoal estatutario <input type="checkbox"/> Administración central

Duración da relación laboral: (marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Indefinida
<input type="checkbox"/> Temporal duración inferior a 1 mes
<input type="checkbox"/> Temporal duración de 1 ata 3 meses
<input type="checkbox"/> Temporal duración superior a 3 meses e inferior a 6 meses
<input type="checkbox"/> Temporal duración de 6 meses ata 12 meses
<input type="checkbox"/> Temporal duración maior de 12 meses

4. DATOS DA EMPRESA OU ENTIDADE EN QUE PRESTA OS SEUS SERVIZOS

Nome ou razón social:

Número de traballadores/as no cadro de persoal: Número de mulleres

Número de homes:

Forma xurídica (marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Sociedade anónima	01	<input type="checkbox"/> Sociedade agraria de transformación	08
<input type="checkbox"/> Sociedade cooperativa	02	<input type="checkbox"/> Asociacións privadas sen ánimo de lucro	09
<input type="checkbox"/> Sociedade anónima laboral	03	<input type="checkbox"/> Sociedade limitada laboral	10
<input type="checkbox"/> Comunidade de bens	04	<input type="checkbox"/> Administración	11
<input type="checkbox"/> Sociedade limitada	05	<input type="checkbox"/> Org. patronais ou sindicais	12
<input type="checkbox"/> Empresario/individual	06	<input type="checkbox"/> Outras entidades sen ánimo de lucro	13
<input type="checkbox"/> Sociedade civil	07	<input type="checkbox"/> Outras	14

Sector de actividade (marque cun X o que proceda)

<input type="checkbox"/> Agricultura e gandaría	A	<input type="checkbox"/> Construción	M
<input type="checkbox"/> Pesca	B	<input type="checkbox"/> Comercio	N
<input type="checkbox"/> Industria de alimentación, bebidas e tabaco	C	<input type="checkbox"/> Hostalaría	Ñ
<input type="checkbox"/> Industria téxtil e da confección	D	<input type="checkbox"/> Transporte	O
<input type="checkbox"/> Industria da madeira	E	<input type="checkbox"/> Actividades inmobiliarias	P
<input type="checkbox"/> Industria do papel: edición e artes gráficas	F	<input type="checkbox"/> Actividades informáticas	Q
<input type="checkbox"/> Industria química	G	<input type="checkbox"/> Investigación e desenvolvemento	R
<input type="checkbox"/> Fabricación de maquinaria	H	<input type="checkbox"/> Servizos a empresas	S
<input type="checkbox"/> Fabricación de vehículos de motor	I	<input type="checkbox"/> Educación	T
<input type="checkbox"/> Fabricación de material eléctrico	J	<input type="checkbox"/> Sanidade	U
<input type="checkbox"/> Fabricación de material electrónico	K	<input type="checkbox"/> Administración pública	V
<input type="checkbox"/> Produción e distribución de enerxía	L	<input type="checkbox"/> Outras actividades	X

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 23 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBús.

1. Configurar un mapa de transporte público eficaz, que responda axeitadamente ás necesidades de desprazamento da cidadanía e que procure un alto grao de satisfacción nos usuarios é un obxectivo capital para a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. Neste contexto, adquiren especial relevancia os desprazamentos nocturnos, dirixidos ás principais zonas e locais de lecer, debido tanto ás súas especiais características como á desgraciadamente elevada incidencia que neles teñen os accidentes de tráfico.

Para responder a estas necesidades, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén desenvolvendo o programa NoiteBús, que ofrece unha alternativa de desprazamento seguro e efectivo para a mocidade, evitándolle o uso do vehículo particular. Na experiencia acumulada ata o momento, este programa revelouose como unha ferramenta eficaz para aumentar a seguridade nas estradas e, xa que logo, como un complemento ideal para as melloiras que nas infraestruturas viarias está realizando tamén a consellería.

Por outra banda, as necesidades de transporte nocturno non poden ser sempre atendidas polas liñas concesionais, dado que aquel presenta especialidades tanto por horario como por percorridos, e aínda pola súa concentración en períodos concretos do ano. Neste sentido, o peso que se lles dá aos concellos e/ou aos operadores de transporte na configuración dos servizos, na medida en que son os que mellor coñecen a realidade social de cada zona, é un